

Fronte a uns **problemas** e intereses **semellantes** (sobre todo, xustificar e fundamentar o coñecemento humano), os filósofos ingleses ofrecían unha **resposta diferente** á racionalista, unha resposta que se coñece co nome de **empirismo**.

Trátase da corrente filosófica que se desenvolveu nos séculos XVII e XVIII nas illas Británicas. O movemento **se caracterizou por defender que**, no proceso de coñecemento, a **razón** non é onnipotente. A diferenza do que defendían os racionalistas, para os empiristas estaba **supeditada e limitada** polos datos sensoriais, é dicir, **pola experiencia** (empeiria). As principais características:

***Supremacía da experiencia.** É a fonte fundamental de coñecemento, todo o que podemos coñecer provén dela. Pasa a ser, polo tanto, o criterio para establecer a verdade e o límite ata o que pode acceder a razón humana. Máis alá dos datos e información que os sentidos nos proporcionan, a razón non ten nada que facer.

***Negación da existencia de ideas innatas.** A mente humana está inicialmente baleira, é como unha folla en branco onde non hai nada escrito. Para enchela, dependemos completamente da información proporcionada polos sentidos. O innatismo, polo tanto, é falso: todo coñecemento é adquirido.

***Interese polo estudo do coñecemento humano.** Como consecuencia do impacto da nova ciencia e da fragilidade de moitos pensamentos filosóficos, estes pensadores ocúpanse de como é posible o noso coñecemento, cal é a súa orixe, os seus límites...

***Dificultade ou imposibilidade dunha metafísica.** A difereza dos racionalistas, os empiristas constatan as dificultades para obter un coñecemento metafísico válido; algúns, como Hume, mesmo negan a posibilidade de conseguilo.

*** Ciencias experimentais como modelo.** Mentres que os racionalistas tomaban como modelo as deducións matemáticas, os empiristas fixábanse sobre todo no recurso á observación e á experimentación de ciencias como a física.

A contribución, pois, máis importantes dos filósofos desta época dase no ámbito da

epistemoloxía, no que destaca **David Hume**. En particular, destacamos a **crítica das ideas de sustancia e causalidade**.

Para Hume, **todos os nosos contidos mentais son percepcións**. E todas as percepcións proveñen da experiencia, xa que non existen ideas previas a aquelas: nega o innatismo, como xa fixera Locke. As nosas percepcións (sensacións, pensamentos, emocións), clasifícaaas en

-**Impresións** (sensacións inmediatas da experiencia: imaxes, pasións, emocións).

-**Ideas** (copias difusas das impresións, son produto da imaxinación e a memoria que non conservan a intensidade dos orixinais; por exemplo, a diferenza entre sentir un frío intenso como o do instituto – impresión-, e outra moi diferente lembrar aquel frío que pasei un día (idea).

Ademáis de seren clasificadas segundo a intensidade, as percepcións distínguense pola súa procedencia:

-Percepcións de sensación (proveñen dos sentidos)

-Percepcións de reflexión (estados exclusivamente mentais, como o aburrimiento de esperar a que toque o timbre, ou a alegría de marchar o venres ás 14.20)

E tamén se distinguen pola composición,

-Simples (non se poden dividir, son como percepcións atómicas; p.ex., olor da tortilla

-Complexas (divisibles; p.ex., a percepción dunha tortilla componse da percepción do arrecendo, a cor amarela, o tamaño, peso, temperatura, etc.)

Resumimos nunha táboa:

PERCEPCIÓNS			
Criterio de clasificación	Tipo	Explicación	Exemplo
Segundo a intensidade	Impresións	Sensacións intensas e nítidas	Sensación de frío
	Ideas	Percepcións menos nítidas ca as impresións	Lembranza do frío que pasei
Segundo a orixe	De sensación	Procedentes dos sentidos	O recendo dun pastel
	De reflexión	Estados exclusivamente mentais	Medo á escuridade
Segundo a composición	Simples	Non admiten separación nin distinción	Sabor da laranxa
	Complexas	Pódense descompoñer en percepcións máis simples	Percepción dunha laranxa

Todas as ideas simples proceden das súas correspondentes impresións simples. Pero as ideas complexas non son copias de impresións complexas, senón elaboracións do suxeito a partir das impresións simples, que se combinan e unen segundo a imaxinación aplicando unha serie de **leis de asociación de ideas**:

-Semellanza: Hai algo na nosa mente que a impulsa a asociar ideas entre as que hai algún grao de similitude (por exemplo, unha foto e o seu modelo)

-Contigüidade no espazo e no tempo: unha idea condúcenos naturalmente a outra cando se atopan próximas, espazo ou temporalmente (p.ex., un arco de violín fainos preguntar onde está o violín, un barco fainos pensar no mar...)

-Relación causa/efecto: Ante os fenómenos que adoitan suceder temporalmente, o noso entendemento crea unha expectativa de futuro: espera que certos feitos sigan a outros tal como sucedeu no pasado (p.ex., o o fume ao lume ou a choiva ás nubes)

Esta última relación da pe á **crítica ao principio de causalidade.-**

Esta conexión, ademais dunha lei de asociación de ideas, é **unha relación que atribuímos aos acontecementos que suceden no mundo**. A validez desta relación foi aceptada durante moito tempo, pero Hume, que desconfía sempre das posicións dogmáticas, quere examinar a lexitimidade desta idea. Faino aplicando o principio empirista: para toda idea ou crenza temos que comprobar de cal impresión é copia; no caso de que non se encontre a orixinal, esta tería que ser rexeitada en tanto que ilexítima.

Que entendemos por relación causal? Se analizamos unha cuestión de feito como “o lume quenta a auga”, pensamos que entre o lume e o quecemento da auga se produce unha relación causal: o lume sería o responsable dun determinado efecto, o quecemento da auga. Hume observa que esta relación se concibe como se se tratase dunha **conexión necesaria**, ou sexa, como se os dous fenómenos se encontrasen inevitablemente unidos, xa que a aparición dun impoñería necesariamente a aparición do outro.

Agora ben, Hume recorre á experiencia para lle dar validez a este suposto coñecemento, e non encontra **ningunha impresión de necesidade** entre o fenómeno A, que consideramos causa, e o fenómeno B, que denominamos efecto. O único que observamos neste proceso é que un feito vai seguido doutro fenómeno, pero non observamos conexión necesaria entre ambos.

Hume, despois desta análise, conclúe que **a idea de conexión necesaria é froito da imaxinación**. Ao observar en innumerables casos como un fenómeno vai seguido doutro, tendemos a considerar, levados polo **costume** ou hábito, que sempre sucederá así. Esta proxección do pasado cara o futuro resulta moi útil para vivir, xa que, sen ela, o mundo se volvería caótico e imprevisible. Agora ben, a pesar da utilidade que Hume lle recoñece, constata que **un costume só pode proporcionar crenzas, pero nunca coñecemento universal e necesario.**

Desta reflexión, Hume deriva unha crítica á CIENCIA, posto que moitas explicacións e descricións da natureza feitas por ela, e as predicións que realiza, baséanse na relación de causalidade. Segundo o filósofo, os **enunciados científicos** non poden identificarse con leis universais, válidas en calquera momento e situación. En realidade, estas supostas leis da natureza **son simplemente crenzas apoiadas no costume e na tradición**. A comprobación repetida dun fenómeno proporciónlalle á nosa razón a confianza para crer na infalibilidade destes principios. Con todo, non se debe esquecer que efectivamente só se trata de crenzas, e de que **as crenzas** non son nin universais nin necesarias; como moito **son probables**.

Crítica da idea de sustancia, é o que fai Hume ao abordar o tema da metafísica: a idea empirista de que toda idea ha proceder dunha impresión, problematiza non só a ciencia, senón que tamén léva ao **rexeitamento da metafísica**.

A metafísica, sobre todo desde Descartes, ocúpase basicamente da idea de sustancia, xa sexa extensa (mundo), infinita (deus) ou a sustancia pensante (alma). Hume volverá aplicar o seu criterio de validez para revolucionar o panorama filosófico tradicional.-

***Crítica á idea de sustancia extensa:** A idea que temos de sustancia é a dunha realidade obxectiva que é o soporte das calidades que causan as nosas impresións. Agora ben, de que impresión provén esta idea? Despois de analízalo detidamente, decatámonos de que ,á marxe das impresións particulares de olor, figura, color..., non contamos con ningunha impresión da entidade que se supón que permanece como soporte destas calidades. Se somos coherentes cos principios empiristas, temos que concluir que, como a idea de sustancia non provén de ningunha impresión, esta idea nin se encontra fundamentada nin pode ser considerada válida. É unha ilusión, unha invención da nosa imaxinación, dirá Hume. Afondemos un pouco nisto:

Todas as nosas impresións son puntuais e discontinuas, duran un momento e despois desaparecen para lle dar paso a outras. En cambio, da sustancia temos unha concepción continua e estable no tempo. (Pecho os ollos e a impresión da rosa que medra no meu xardín esvaécese, se os abro outra vez, aparece de novo...; isto faime pensar na existencia continua e estable da rosa. Pero, que impresión o fundamenta? **Ningunha impresión ten a continuidade que lle atribuímos á sustancia**. Non nos queda máis remedio que supoñer que se trata dunha creación da nosa imaxinación que agrupa baixo un mesmo nome (rosa) diversas impresións puntuais (olor, cor, figura, tacto...). A pesar disto, a idea de sustancia é unha invención ou **crenza** estremadamente **útil** para a nosa supervivencia.

***Crítica da sustancia infinita:** A idea que temos de **Deus** é a dunha sustancia infinita con todas as perfeccións: omnisciencia, omnipotencia, omnipresencia... Agora ben, se lle aplicamos o criterio de validez de Hume, temos que reflexionar sobre a impresión da que pode derivar esta idea de perfección infinita. Segundo Hume, é evidente que sendo as nosas impresións puntuais e concretas, resulta difícil que poidamos ter unha impresión de infinito, posto que ela mesma o sería tamén.

Polo tanto, a **idea** de sustancia infinitamente perfecta queda **sen impresión** que a lexitime, e hai que concluir que non existe ningún tipo de coñecemento, nin teolóxico nin metafísico, de Deus. Non obstante, Hume reconece que a relixión e mais a **crenza** na existencia de Deus son naturais e necesarias entre os seres humanos.

***Crítica á idea de sustancia pensante.** A idea do eu aínda non fora cuestionada por ningún filósofo. Como poderíamos dubidar da validez da idea que tiñamos de nós mesmos? Non obstante, Hume arremete tamén contra esta idea. Tradicionalmente, en filosofía entendeuse o **eu** como o **suxeito que ten percepcións**, pero que é diferente destas. Agora ben, como podemos coñecer a existencia deste eu? De que impresión deriva? De ningunha. Aínda que a alma sexa o suxeito das impresións, non é unha delas. As impresións e ideas sucédense e cambian: agora sentimos frío, despois imaxinamos a cea que tomaremos, inmediatamente lembramos o exame do día seguinte e o desasosego invádenos, etc. **Baixo** todas as **s percepcións cambiantes, suponse que o eu permanece estable e idéntico**, como núcleo da nosa personalidade. Hume vaino cuestionar, o eu é como calquer idea de sustancia: unha crenza froito da nosa imaxinación que lle da continuidade e permanencia a aquilo que non a ten.

A modo de **epílogo**, dicir que o empirismo de Hume e o escepticismo ao que o conduciu foron duramente criticados e rexeitados, mais tivo efectos moi positivos: axudou a ter unha **posición** máis **crítica** e coherente con respecto ás capacidades e ás posibilidades humanas de coñecemento. O grande Immanuel Kant, formado na corrente do racionalismo, afirmará que Hume conseguiu despertálo do seu soño dogmático, é dicir, do ilusorio mundo da verdade absoluta ao que foran parar os herdeiros do racionalismo. Será precisamente Kant quen logrará realizar unha extraordinaria síntese do racionalismo e o empirismo.

Pero máis alá de Kant, a crítica á metafísica que levou a cabo Hume constituiu tanto o sustrato do **positivismo** do século XIX como das actitudes **neopositivistas** do século XX: rexeitarán tamén a metafísica e defenderán que o noso coñecemento parte da experiencia e da observación, é dicir, dos datos positivos ou constatables. O **cientifismo** contemporáneo é herdeiro de todo isto.